

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15003224	IES Fernando Blanco	Cee	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Grego I	1º Bac.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	18
4.2. Materiais e recursos didácticos	20
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	21
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	21
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	24
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	26
6. Medidas de atención á diversidade	28
7.1. Concreción dos elementos transversais	29
7.2. Actividades complementarias	32
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	32
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	33
9. Outros apartados	34

1. Introducción

A presente programación está elaborada para a materia Grego I do primeiro curso do Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais seguindo o marco legal indicado a continuación:

- Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- ORDE do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- RESOLUCIÓN do 6 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/24.

A materia de Grego ten como principal obxectivo o desenvolvemento dunha conciencia crítica e humanista desde a que poder entender e analizar as achegas da civilización helena á identidade europea. Para acadar isto o seu estudo céntrase en tres piares:

- a lingua, os textos e a súa comprensión
- a aproximación crítica ao mundo grego
- o estudo do patrimonio cultural e o legado da civilización grega

A comprensión do texto está no centro dos procesos de ensino e aprendizaxe das linguas e culturas clásicas.

Así mesmo, a materia de Grego parte dos textos para favorecer a aproximación crítica ás achegas máis importantes do mundo heleno ao mundo occidental, así como á capacidade da civilización grega para dialogar coas influencias externas, adaptándoas e integrándoas no seu propio sistema. Estes aspectos resultan especialmente relevantes para adquirir un xuízo crítico e estético nas condicións cambiantes dun presente en constante evolución. Esta materia prepara o alumnado para comprender criticamente ideas relativas á propia identidade, á vida pública e privada, á relación do individuo co poder e a feitos sociopolíticos e históricos, por medio da comparación entre os modos de vida da antiga Grecia e os actuais, contribuindo así a desenvolver a súa competencia cidadá.

A partir do estudo do legado grego recoñecemos na vida cotiá a herdanza directa da civilización helena. A preservación, conservación e restauración deste legado supón, tamén, unha oportunidade para que o alumnado coñeza as posibilidades profesionais no ámbito dos museos, as bibliotecas ou a xestión cultural e a conservación do patrimonio.

Os descritores operativos, especialmente da competencia plurilingüe, da competencia en comunicación lingüística e da competencia cidadá, deseñan os obxectivos desta materia. O enfoque plurilingüe da materia de Grego en bacharelato implica unha reflexión sobre o funcionamento da propia lingua grega, pero tamén das linguas coñecidas polo alumnado.

Os obxectivos que se acadan co estudo desta disciplina ofrecen a oportunidade de establecer un diálogo entre presente e pasado desde unha perspectiva crítica e humanista: por un lado, situando o texto, a súa comprensión e/ou a súa tradución e a produción lingüística activa, como elementos fundamentais na aprendizaxe das linguas clásicas e como porta de acceso á súa cultura e civilización; e, polo outro lado, desenvolvendo ferramentas que favorezan a reflexión crítica, persoal e colectiva ao redor dos textos e do legado da civilización grega, e a súa achega á cultura, á sociedade, á política e á identidade europea.

A materia distribúese en catro bloques:

A materia distribúese en catro bloques:

1. Comprensión e interpretación dos textos. Céntrase na aprendizaxe da lingua helena como ferramenta para acceder a fragmentos e textos de diversa índole a través da lectura directa e a tradución.
2. Grego e plurilingüismo. Pon o acento en como a aprendizaxe da lingua grega, en concreto o estudo e identificación dos étimos gregos, contribúe á ampliación do repertorio léxico do alumnado.
3. A antiga Grecia Comprende os coñecementos e estratexias necesarios para o desenvolvemento dun espírito crítico e humanista, fomentando a reflexión sobre as semellanzas e diferenzas entre pasado e presente.

4. Legado e patrimonio. Recolle os coñecementos, destrezas e actitudes que permiten a aproximación á herdanza da civilización grega recoñecendo e apreciando o seu valor como fonte de inspiración, como testemuño da historia e como unha das principais raíces da cultura europea.

A materia Grego I impártese no IES Fernando Blanco durante o curso 2023-24 a un grupo de seis alumnos e alumnas que nunca cursaron esta materia. Hai alumnado que repite curso pero non cursou a materia Grego I o curso pasado. A maioría do alumnado ten coñecemento da civilización grega porque traballaron contidos deste tipo noutras materias como Cultura Clásica ou Xeografía e historia.

O IES Fernando Blanco está ubicado no centro urbano do pobo de Cee, na zona coñecida como Costa da Morte. Cee está considerado como a capital da comarca debido ao seu desenvolvemento industrial, educativo, sanitario e comercial. A súa contorna ten un marcado carácter rural onde a actividade produtiva máis significativa está baseada no sector primario e terciario e a lingua empregada é maioritariamente o galego, salvo nos centros urbanos nos que empeza a predominar o uso do castelán.

No IES Fernando Blanco impártese ESO, Bacharelato, Formación Profesional Básica, Ciclos formativos medios e superiores de varias familias, EBI, ensinanzas non regradas, ESA e o programa CUALE, albergando tamén a sección da EOI de Cee. A oferta educativa do pobo complétase co IES Agra de Raíces, co CEIP Eugenio López e co centro concertado Manuela Rial Mouzo.

A este centro acode alumnado de toda a comarca, sendo o alumnado principalmente de Corcubión, Muxía, Fisterra e Cee. O IES Fernando Blanco é o máis antigo da comarca e conta cun grande valor histórico tanto a nivel do propio edificio coma da labor desenvolvida ao longo dos anos.

O centro está equipado con EDI, ordenador e internet en tódalas aulas, dispoñendo ademais de dúas aulas de informática á disposición das materias baixo petición, salón de actos e biblioteca.

As clases de Grego I impártense na aula 501, aula destinada ás materias do Departamento de Latín e Grego e sitúase nun dos edificios anexos que conforman o IES Fernando Blanco. O feito de contar cunha aula materia facilita ter a man todos os materiais dos que dispón o departamento e ademais contar cunha decoración propia que redonda dun modo agradable no benestar do profesorado e alumnado e no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

A materia Grego I impártese en lingua galega.

Participarase co alumnado desta materia no proxecto Contratos programa dentro do itinerario INCLÚE no apartado EMOCIÓN-A-T.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender e/ou producir textos gregos de dificultade crecente e xustificar a súa comprensión e/ou produción, identificando e analizando os aspectos básicos da lingua grega, as unidades lingüísticas e reflexionando sobre elas mediante a comparación coas linguas de ensino e con outras linguas do repertorio individual do alumnado, en especial e cando sexa posible co grego moderno, e poñendo en práctica, se se considera oportuno, habilidades comunicativas tanto orais como escritas, para realizar unha lectura comprensiva, directa e eficaz e unha interpretación razoada do seu contido e, de ser o caso, unha produción oral e/ou escrita correcta.	1-2	2	1-2					

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Distinguir os étimos e formantes gregos presentes no léxico de uso cotián, identificando os cambios semánticos que tivesen lugar e establecendo unha comparación coas linguas de ensino e outras linguas do repertorio individual do alumnado, en especial e cando sexa posible co grego moderno, para deducir o significado etimolóxico do léxico coñecido e os significados de léxico novo ou especializado.		2-3	1		50			
OBX3 - Ler, interpretar e comentar textos gregos de diferentes xéneros e épocas, asumindo o proceso creativo como complexo e inseparable do contexto histórico, social e político e das súas influencias artísticas, para identificar a súa xenealoxía e a súa achega á literatura europea.	4							1-2
OBX4 - Analizar as características da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico, adquirindo coñecementos sobre o mundo heleno e comparando criticamente o presente e o pasado, para valorar as achegas do mundo clásico grego á nosa contorna como base dunha cidadanía democrática e comprometida.	3	3		1	31	1		
OBX5 - Valorar criticamente o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, promovendo a súa sustentabilidade e recoñecéndoo como produto da creación humana e como testemuño da historia, para explicar o legado material e inmaterial grego como transmisor de coñecemento e fonte de inspiración de creacións modernas e contemporáneas.	3			2		1-4	1	1-2

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	HÉLADE	A unidade 1 céntrase no marco xeográfico e histórico da civilización grega: - Situación xeográfica de Grecia. - Localización de fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes. - Civilizacións minoica e micénica. - Etapas da historia de Grecia. - Feitos importantes, lendas e mulleres e	4	6	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	HÉLADE	homes relevantes. - Relación de Grecia con outras culturas, atendendo especialmente á presenza de Grecia na Península Ibérica.	4	6	X		
2	ALFA-OMEGA	A unidade 2 céntrase na historia da lingua grega, os sistemas de escritura e o alfabeto. Ademais o alumnado iniciase no estudo da lingua grega a través da lectura. - Do indoeuropeo ao grego moderno: os dialectos, a koiné e o grego moderno. -O alfabeto grego na historia da escritura. Orixes e características. - Escritura. Signos ortográficos. Clasificación dos sons. - Pronunciación. Normas de transcripción. - Lectura.	4	6	X		
3	ÁNTHROPOS	A unidade comeza cunha introdución á morfoloxía grega A unidade comeza cunha introdución á morfoloxía grega aclarando os conceptos de lingua flexiva, caso e declinación. A continuación estúdanse os distintos tipos de categorías gramaticais. A unidade remata coa morfoloxía verbal que en Grego I vai limitarse aos verbos temáticos e ao verbo eimí. - Palabras invariables. - Artigo. - 1ª e 2ª declinación. Substantivos e adxectivos. - Verbos: modo indicativo da voz activa.	7	9	X		
4	THESAURUS	A unidade 4 serve de introdución ao léxico grego e mostra a importancia deste noutras linguas. Ao ter carácter introdutorio, nesta unidade imos centrarnos só no vocabulario básico e no léxico de uso frecuente, identificando os principais prefixos e sufixos.	4	6	X		
5	A POLIS	Con esta unidade o alumnado obterá unha visión detallada da política grega e dos sistemas de goberno das distintas polis así como da sociedade. - Esparta versus Atenas. - Urbanismo, obras públicas e artes plásticas. - A familia. A situación da muller. Nacemento e educación. - Traballo e lecer: oficios, ciencia e técnica. - Festas e espectáculos: teatro e deporte. Ao traballar estes contidos apréciase claramente a presenza do legado grego na civilización occidental:	4	6		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	A POLIS	<ul style="list-style-type: none"> - Influenza e persistencia das institucións políticas gregas no sistema político actual. - A arte grega como fonte de inspiración. - Persistencia de crenzas e formas de vida da civilización grega na sociedade actual: escravitude e exclusión da muller. - Principais sitios arqueolóxicos, museos e festivais relacionados coa antigüidade grega. - Persistencia das competicións atléticas na actualidade. 	4	6		X	
6	LOGOS	<p>A unidade 6 continúa o estudo da morfoloxía nominal e verbal comezado no 1º trimestre na unidade 3 e introduce o estudo da flexión pronominal.</p> <ul style="list-style-type: none"> - 3ª declinación: tema en oclusiva e -nt - Verbos: voz media e pasiva. - Demostrativos. 	7	9		X	
7	ÍTACA	<p>A unidade 7 ten un eixe central que é a etimoloxía. O alumnado comprenderá a importancia dos helenismos, tanto no vocabulario común como no léxico especializado.</p> <p>O estudo da etimoloxía abrangue a descomposición de palabras nos seus formantes e a identificación de lexemas, sufixos e prefixos helénicos nas nosas linguas.</p> <p>Partindo dunha palabra grega co seu significado, o alumnado achegará helenismos coas súas correspondentes definicións.</p>	4	6		X	
8	O ORÁCULO DE DELFOS	<p>A unidade 8 céntrase no estudo da relixión e da mitoloxía grega. Farase especial énfase na persistencia da mitoloxía nas manifestacións literarias e artísticas, así como na publicidade, no deporte e noutras manifestacións populares actuais.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Formas de culto. Santuarios. - Estudo da orixe do mundo, dos deuses e do home. - Os deuses olímpicos. - Principais mitos relacionados coas divindades e heroes. 	4	6			X
9	PARTENÓN	<p>Esta unidade remata o estudo da morfoloxía grega.</p> <ul style="list-style-type: none"> - 3ª declinación: tema en nasal e líquida. - Adxectivos da 3ª declinación. - Verbos: modo subxuntivo e optativo. - Formas nominais do verbo. 	7	9			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	PARTENÓN	- Pronomes persoais e posesivos. - Pronome relativo.	7	9			X
10	AQUILES	A unidade 10 é a continuación da unidade 7 en tanto que afonda no estudo da etimoloxía. Por outra parte, coñeceremos a importancia e versatilidade do grego para crear neoloxismos ao longo da historia e na actualidade e aproximáronos aos termos e expresións máis usuais de uso frecuente do grego moderno. Esta unidade tamén se centrará na redacción de textos con intención literaria e conciencia de estilo en lingua grega partindo dun vocabulario establecido.	5	7			X
11	CORIFEO	A unidade 11 constitúe o eixe desta materia. O labor de análise morfosintáctica e tradución e comprensión dos textos é a pedra angular do estudo da lingua grega. Non ten sentido o estudo das unidades anteriores se despois non se aplican os coñecementos acadados na análise e tradución. Por iso se dedica a esta unidade o maior número posible de sesións lectivas ao longo dos tres trimestres e o peso na materia é tan alto. O alumnado progresará paulatinamente na análise e tradución de frases e textos gregos. Comezase no 1º trimestre con oración simples e compostas por coordinación. No 2º trimestre afondarase na sintaxe dos casos, en concreto, afondarase no estudo dos complementos circunstanciais xa tratados no trimestre anterior e introduciranse formas pronominais. No 3º trimestre o alumnado fará fronte a construcións menos sinxelas como oración pasivas, oracións con comparativos e superlativos, oracións de relativo e oracións de infinitivo concertado.	50	70	X	X	

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	HÉLADE	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade helena, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida.	Coñecer e explicar as épocas e acontecementos da historia de Grecia.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xeografía da antiga Grecia: topografía, nome e función dos principais sitios. Viaxeiros ilustres. - Historia. <ul style="list-style-type: none"> - Etapas: fitos históricos do mundo grego entre os séculos VIII a. C. e V d. C. - Lendas e principais episodios históricos. - Persoeiros da historia de Grecia e a súa relevancia para a historia de Europa. - Influencias da cultura grega na civilización latina. - Relación de Grecia con culturas estranxeiras: luces (modelo de cultura) e sombras (xenofobia). - O mar Mediterráneo como encrucillada de culturas onte e hoxe: Grecia como ponte de transmisión de cultura.

UD	Título da UD	Duración
2	ALFA-OMEGA	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos gregos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua grega, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do grego.	Realizar a lectura directa de textos gregos sinxelos.	PE	90
CA2.3 - Identificar prexuizos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade como riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir de criterios dados.	Identificar prexuizos e estereotipos con respecto ás familias lingüísticas e ao alfabeto, adoptando actitudes de respecto e valorando a diversidade.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Unidades lingüísticas da lingua grega. - Alfabeto, prosodia e signos gráficos da lingua grega clásica. Aproximación ás principais leis fonéticas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Destrezas comunicativas do uso da lingua grega. - Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de grego en grego, cando fose posible. - Sistemas de escritura ao longo da historia. - O alfabeto grego: a súa historia e influencia posterior. Regras de transcripción do alfabeto grego ás linguas do repertorio do alumnado. - Do indoeuropeo ao grego. Etapas da lingua grega. - Respecto por todas as linguas e aceptación das diferenzas culturais das xentes que as falan. - Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con estudantes de grego no ámbito transnacional.

UD	Título da UD	Duración
3	ÁNTHROPOS	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos gregos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua grega, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do grego.	Realizar a lectura directa de textos gregos sinxelos asimilando os aspectos da morfoloxía nominal e verbal mediante a análise morfolóxica de substantivos, adxectivos e verbos.	PE	90
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua grega, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe de elementos da morfoloxía nominal e verbal, realizando actividades de planificación, autoavaliación e coavaliación.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Clases de palabras. - Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións); flexión verbal (introdución á tipoloxía do verbo grego).

UD	Título da UD	Duración
4	THESAURUS	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Deducir o significado etimolóxico dun termo de uso común e inferir o significado de termos de nova aparición ou procedentes de léxico especializado aplicando, de maneira guiada, estratexias de recoñecemento de étimos e formantes gregos atendendo aos cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos que tivesen lugar.	Deducir o significado de palabras básicas do vocabulario grego aplicando raíces e formantes gregos coñecidos.	PE	90
CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras.	Planificar e participar en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, utilizando os elementos léxicos correctamente.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Destrezas comunicativas do uso da lingua grega. - Léxico común de interese e/ou uso cotián para o alumnado: espazo, tempo e/ou vida diaria. Estratexias de enriquecemento léxico (derivación, polisemia, sinonimia...). - Léxico. - Lexemas, sufixos e prefixos de orixe grega no léxico de uso común e no específico das ciencias e a técnica nos léxicos especializados doutros campos. - Técnicas básicas para a elaboración de familias léxicas e dun vocabulario básico grego de frecuencia. - Expresións e léxico específico básico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).

UD	Título da UD	Duración
5	A POLIS	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade helena, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida.	Explicar as institucións políticas, as clases sociais, os modos de vida e os costumes da sociedade helena, a familia grega, así como as principais obras artísticas.	PE	65
CA4.1 - Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, os modos de vida, as institucións e os costumes da sociedade helena, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida.	Coñecer, explicar e relacionar os procesos políticos, as institucións, a arte, os modos de vida e os costumes da sociedade helena, comparándoos cos das sociedades actuais.		
CA3.2 - Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado grego na nosa sociedade, mediando entre posturas, seleccionando e contrastando información.	Debater sobre a importancia de diferentes aspectos do legado grego na nosa sociedade.	TI	35
CA4.3 - Investigar de maneira progresivamente autónoma aspectos do legado da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Investigar o legado da civilización grega facendo unha busca, selección e reelaboración axeitada e respectuosa da información.		
CA4.5 - Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de preservación e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sostibilidade.	Investigar os principais sitios arqueolóxicos, museos e festivais relacionados coa civilización grega.		
CA4.6 - Explorar o legado grego na contorna do alumnado a partir de criterios dados, aplicando os coñecementos adquiridos e reflexionando sobre as implicacións dos seus distintos usos, dando exemplos da persistencia da Antigüidade clásica na súa vida cotiá e presentando os resultados a través de diferentes soportes.	Explorar o legado grego na contorna do alumnado, aplicando os coñecementos adquiridos e reflexionando sobre os seus distintos usos e presentando os resultados a través de diferentes soportes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Historia e organización política e social de Grecia como parte esencial da historia e a cultura da sociedade actual. Desmitificación da democracia ateniense. - Institucións, crenzas e formas de vida da civilización grega e o seu reflexo e persistencia na sociedade actual: escravitude e exclusión da muller. - Influencias da cultura grega na civilización latina. - A achega de Grecia á cultura e ao pensamento da sociedade occidental. - A importancia do discurso público para a vida política e social.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Conceptos de legado, herdanza e patrimonio. - Obras públicas e urbanismo: construción, conservación, preservación e restauración. - As representacións e festivais teatrais, a súa evolución e persistencia na actualidade. - As competicións atléticas e a súa persistencia na actualidade. - As institucións políticas gregas, a súa influencia e persistencia no sistema político actual. - A educación na antiga Grecia: os modelos educativos de Atenas e Esparta e a súa comparación cos sistemas actuais. - Principais obras artísticas da Antigüidade grega. - Principais sitios arqueolóxicos, museos ou festivais relacionados coa Antigüidade clásica.

UD	Título da UD	Duración
6	LOGOS	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos gregos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua grega, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do grego.	Realizar a lectura directa de textos gregos sinxelos asimilando os aspectos da morfoloxía nominal, pronominal e verbal mediante a análise morfolóxica de substantivos, adxectivos, pronomes e verbos.	PE	90
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua grega, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe de elementos da morfoloxía nominal, verbal e pronominal, realizando actividades de planificación, autoavaliación e coavaliación.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións); flexión verbal (introdución á tipoloxía do verbo grego).

UD	Título da UD	Duración
7	ÍTACA	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Deducir o significado etimolóxico dun termo de uso común e inferir o significado de termos de nova aparición ou procedentes de léxico especializado aplicando, de maneira guiada, estratexias de recoñecemento de étimos e formantes gregos atendendo aos cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos que tivesen lugar.	Deducir o significado de palabras básicas do vocabulario grego aplicando raíces e formantes gregos coñecidos.	PE	90
CA2.2 - Explicar, de maneira guiada, a relación do grego coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe grega e utilizando con iniciativa estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio propio.	Explicar a relación do grego clásico con outras linguas a través de elementos como o vocabulario e os neoloxismos.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Influencia do grego na evolución da lingua de ensino e do resto de linguas que conforman o repertorio lingüístico individual do alumnado. - Léxico. - Procedementos básicos de composición e derivación na formación de palabras gregas. - Significado e definición de palabras de uso común na lingua de ensino a partir dos seus étimos gregos nas linguas repertorio lingüístico do alumnado; reflexión sobre significado etimolóxico e significado semántico. - Interese por coñecer o significado etimolóxico das palabras e recoñecemento da importancia do uso adecuado do vocabulario como instrumento básico na comunicación.

UD	Título da UD	Duración
8	O ORÁCULO DE DELFOS	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade helena, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida.	Identificar e oñecer os deuses olímpicos e explicar os principais mitos relacionados con eles.	PE	85
CA4.4 - Identificar e explicar o legado material e inmaterial da civilización grega como fonte de inspiración, analizando producións culturais e artísticas posteriores a partir de criterios dados.	Analizar obras de arte de tema mitolóxico dadas e identificar e explicar o legado da civilización grega como fonte de inspiración.		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de preservación e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sustentabilidade.	Investigar o patrimonio herdado da civilización grega relacionados coa relixión e a mitoloxía e sinalar elementos necesarios para a súa preservación e utilización axeitada.	TI	15
CA4.2 - Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado grego na nosa sociedade, mediando entre posturas, seleccionando e contrastando información.	Defender e argumentar axeitadamente a postura escollida ou asignada sobre a importancia do legado grego na nosa sociedade.		
CA4.3 - Investigar de maneira progresivamente autónoma aspectos do legado da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Investigar o legado da civilización grega relacionado coa mitoloxía e a relixión de acordo coas normas de busca, selección e reelaboración da información.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Influencias da cultura grega na civilización latina. - A mitoloxía clásica e a súa persistencia en manifestacións literarias e artísticas. A presenza da mitoloxía clásica na publicidade, o deporte e outras manifestacións populares actuais.

UD	Título da UD	Duración
9	PARTENÓN	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos gregos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua grega, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do grego.	Realizar a lectura directa de textos gregos sinxelos asimilando os aspectos da morfoloxía nominal, pronominal e verbal mediante a análise morfolóxica de substantivos, adxectivos, pronomes e verbos en modo subxuntivo, optativo, infinitivo e participio.	PE	90
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua grega, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe de elementos da morfoloxía nominal, pronominal e das formas nominais do verbo, realizando actividades de planificación, autoavaliación e coavaliación.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións); flexión verbal (introdución á tipoloxía do verbo grego). - Formas nominais do verbo.

UD	Título da UD	Duración
10	AQUILES	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Redactar en grego, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros que impidan a comprensión.	Redactar en grego textos básicos.	PE	85
CA2.1 - Deducir o significado etimolóxico dun termo de uso común e inferir o significado de termos de nova aparición ou procedentes de léxico especializado aplicando, de maneira guiada, estratexias de recoñecemento de étimos e formantes gregos atendendo aos cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos que tivesen lugar.	Deducir o significado de palabras básicas do vocabulario grego aplicando raíces e formantes gregos coñecidos.		
CA1.6 - Extraer, analizar e reflectir oralmente e/ou por escrito, preferentemente en grego, ou ben na lingua de uso do alumnado, as ideas principais de textos de certa lonxitude, orais e/ou escritos, e adaptados ao nivel de lingua e temas coñecidos polo alumnado, expresados de forma clara e, no caso dos textos orais, preferentemente na pronuncia histórica.	Extraer e explicar de forma escrita en grego as ideas principais dun texto.	TI	15
CA1.9 - Explicar, de maneira guiada, a relación do grego coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe grega e utilizando estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio propio.	Explicar, de maneira guiada, a relación do grego coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe grega.		
CA2.4 - Crear textos individuais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos da civilización e a cultura grega como fonte de inspiración.	Crear textos individuais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo en distintos soportes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Destrezas comunicativas do uso da lingua grega. - Estratexias para a planificación, execución e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e/ou multimodais.

Contidos

- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións básicas e opinións.
- Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc.
- Influencia do grego na evolución da lingua de ensino e do resto de linguas que conforman o repertorio lingüístico individual do alumnado.
- Léxico.
- Procedementos básicos de composición e derivación na formación de palabras gregas.
- Significado e definición de palabras de uso común na lingua de ensino a partir dos seus étimos gregos nas linguas repertorio lingüístico do alumnado; reflexión sobre significado etimolóxico e significado semántico.
- Importancia e versatilidade do grego para crear neoloxismos ao longo da historia e na actualidade.
- Interese por coñecer o significado etimolóxico das palabras e recoñecemento da importancia do uso adecuado do vocabulario como instrumento básico na comunicación.
- Aproximación aos termos e expresións máis usuais de uso frecuente do grego moderno.

UD	Título da UD	Duración
11	CORIFEO	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais de dificultade adecuada e progresiva con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar traducións directas de oracións ou textos adaptados ou orixinais de dificultade adecuada e progresiva coa correspondente análise morfosintáctica.	PE	90
CA1.2 - Seleccionar de maneira progresivamente autónoma o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes, cando se considere necesario.	Seleccionar os significados apropiados en cada texto utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes.	TI	10
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisar e emendar elementos da morfoloxía e da sintaxe nas traducións, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- Sintaxe oracional: funcións básicas e sintaxe elemental dos casos.
- Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. Comparativa coa orde natural das palabras nas oracións das linguas de repertorio do alumnado para unha mellor comprensión.
- A tradución: técnicas, procesos e ferramentas.
- A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución.
- Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, de: contorna textual e do propio texto, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar.
- Ferramentas de tradución, cando se considere necesario.
- Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística.
- Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto.
- Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Concepto e uso de expresións idiomáticas.
- A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución.
- Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A natureza da materia de Grego obriga a facer uso de diversas metodoloxías. A lingua grega non deixa de ser unha lingua, feito que supón o emprego de metodoloxías propias da aprendizaxe de calquera outra lingua que permitan a adquisición de destrezas, como son a expresión oral e escrita e a comprensión oral e escrita, ademais da interacción oral.

A metodoloxía basearase no coñecemento gramatical e na utilización de dicionarios para entender frases e textos a través da súa tradución na lingua propia do alumnado sen obviar os métodos activos.

Por outra parte, o currículo conta tamén cun importante grupo de contidos relacionados coa civilización grega para os cales hai que utilizar unha metodoloxía diferente:

- xeografía
- historia
- sociedade, formas de goberno e institucións, crenzas e formas de vida
- legado e patrimonio

METODOLOXÍA PARA OS CONTIDOS DOS BLOQUES:

- A ANTIGA GRECIA
- LEGADO E PATRIMONIO

1. Explicación por parte do profesorado e traballo posterior do alumnado mediante a elaboración de actividades e traballos guiados. Os produtos entregados polo alumnado avalíaranse a través de táboas de indicadores como rúbricas e mediante preguntas de resposta curta en probas escritas.

2. Aula invertida: o alumnado accede á información de modo previo e despois procédese a traballar de modo activo na aula aplicando ese coñecemento previo adquirido.

3. Traballo cooperativo e interdisciplinar.

4. Este tipo de contidos terá un tratamento transversal atendendo á perspectiva de xénero.

5. Potenciación das TIC, favorecendo a realización de vídeos, gravacións de son, presentacións en formato dixital, uso de aplicacións que favorezan a aprendizaxe, creación e difusión de contidos, uso do blog da materia, etc.

METODOLOXÍA PARA OS CONTIDOS LINGÜÍSTICOS.

Usarase maioritariamente unha metodoloxía cun enfoque gramaticalista de aprendizaxe de linguas. O obxectivo é a tradución correcta de frases e textos, polo que se prioriza a aprendizaxe da gramática, tanto a morfoloxía como a sintaxe, sen obviar o vocabulario. O alumnado mediante esta vía asocia o grego coa lingua castelá e galega, contribuíndo a unha ampla aprendizaxe destas.

A metodoloxía parte da explicación gramatical e sintáctica por parte da profesora, para pasar despois á elaboración de actividades nas que se reforzan os coñecementos adquiridos. Estes contidos inclúense nas unidades didácticas xunto con aspectos doutros bloques para introducir certa variedade.

Porén farase unha incursión na metodoloxía baseada en métodos activos, decidindo o seu emprego en función das necesidades do grupo. O obxectivo é que o alumnado poida acceder aos textos a través da súa lectura, entendéndoa como un acto automático polo que unha persoa comprende un texto combinando dun modo non consciente ou reflexivo as normas de gramática da lingua e o coñecemento do significado das palabras. Neste enfoque os aspectos lingüísticos que se traballarán veñen determinados pola frecuencia do uso, tanto no que atinxe á gramática como ao vocabulario.

A metodoloxía propia deste enfoque pasa por unha lectura constante de textos de dificultade graduada, na que o profesorado, mediante preguntas, uso de palabras ou expresións sinónimas, asociación constante de determinadas expresións a unha xestualidade concreta e a realización constante de exercicios de uso da lingua, consegue que progresivamente o alumnado vaia adquirindo o correcto uso das formas dun modo case intuitivo. Isto irá acompañado da explicación gramatical.

No que respecta á lectura e pronuncia correcta do grego seguirase a pronunciación histórica sobre a erasmiana, simplemente polas vantaxes que ofrece de cara á comprensión do grego moderno.

As metodoloxías empregadas, tanto nos contidos lingüísticos como non lingüísticos, terán en conta a atención á diversidade, favorecendo a capacidade dos alumnos e alumnas para que aprendan por si mesmos e traballen en equipo. Así mesmo favorecerase o pensamento crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación, a capacidade do alumnado para que aprenda por si mesmo, así como a transferencia e aplicación do aprendido.

ACTIVIDADES DE ENSIANZA-APRENDIZAXE

Actividades de introdución/motivación e de coñecementos previos para introducir ao alumnado no obxecto de estudo interesándoos o máximo posible, orientadas a coñecer as ideas, opinións e intereses do alumnado sobre os contidos que se van desenvolver. En xeral, na materia de grego sempre se percibe un tipo de alumnado que gusta dos contidos lingüísticos e outra parte do alumnado que prefire todo o relacionado coa cultura e civilización clásica. Partirase de textos, láminas de debuxo e fragmentos audiovisuais.

Actividades de desenvolvemento: vinculadas ás explicacións e dirección do proceso de ensinanza-aprendizaxe que realiza o profesado. En Latín I estas actividades consistirían en lecturas, comentarios, resolución de exercicios, análise do léxico, análise morfosintáctica e tradución.

Actividades de consolidación: reflicten as principais conclusións dos procesos de ensinanza-aprendizaxe. Ao final, realizaranse actividades sobre catro apartados fundamentais: legado, léxico, lingua e textos.

Actividades de síntese ao rematar as unidades didácticas: revisión do aprendido a través de resumos de contidos, mapas conceptuais...

Actividades de investigación: pescudas sobre unha proposta que realiza a profesora ou que se acorda. Este tipo de actividades desenvolveranse, sobre todo, cos contidos non lingüísticos.

Actividades de reforzo e ampliación: as de reforzo para que o alumnado con dificultades de aprendizaxe acade os mínimos establecidos; as de ampliación permiten construír novos coñecementos para o alumnado con maior nivel de esixencia.

Actividades de avaliación, autoavaliación e avaliación entre iguais: preguntas escritas, probas,...

Actividades de recuperación: para alumnado con cualificación negativa dunha unidade, bloque, avaliación,...

ESPAZOS E AGRUPAMENTOS

O espazo habitual vai ser a aula 501, pero planificarase o uso da aula de informática, da biblioteca e da aula xardín cando o clima o permita. A ubicación do alumnado atenderá ás instrucións do titor, necesidades especiais (vista, atención...), mellora do clima na aula e calquera outro criterio que contribúa ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

As distintas actividades pódense realizar de forma individual ou acudindo a diversas modalidades de agrupamento:

- grupo pequeno: 2-3 alumnos e alumnas para traballos que deban elaborar e expoñer. Os grupos de 2 sentarán xuntos. Para o grupo de 3 a distribución das mesas será en forma de triángulo.

- o gran grupo para actividades extraescolares e para traballo en equipo.

Os grupos serán equilibrados, integrados por alumnado de diferentes visións, niveis e formas de traballar. Priorizarase a igualdade de xénero e o benestar do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

MODELO DE SESIÓN

As sesión lectivas teñen unha duración de 50 minutos.

Inicio da clase: saúdo ao comezo, anotación das ausencias do alumnado e recapitulación daquilo tratado nas sesións anteriores que sirva para enlazar co da sesión actual. Sempre se comeza a clase con lectura.

Parte central: impartiranse os contidos que correspondan e realizaranse as actividades programadas, tanto as

individuais como as feitas en equipo, no caso de que as haxa e/ou corríxiranse, de ser o caso, as actividades solicitadas na última sesión.

Parte de reforzo: pequeno resumo do explicado e daranse as actividades para o próximo día, ademais de solucionar as posibles dúbidas existentes.

Despedida: recoller todo para deixar a aula como se atopou, e saudámonos ata a próxima sesión.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
LIBROS DE TEXTO USADOS POLA PROFESORA:
Mario Díaz Ávila: Aléxandros: To hellenikon paidion. Cultura Clásica, Granada, 2015.
José Manuel Bértolo Ballesteros e Matilde de Cal Cortina: Grego Bacharelato. Baía edicións (Consortio editorial galego), A Coruña, 2022.
Santiago Carbonell Martínez: Diálogos. Prácticas de griego antiguo. Cultura Clásica, Granada, 2020.
J.L. Navarro González e J.M ^a Rodríguez Jiménez: Griego 1, Anaya, 2022.
LIBRO DE TEXTO DO ALUMNADO:
José Manuel Bértolo Ballesteros e Matilde de Cal Cortina: Grego Bacharelato. Baía edicións (Consortio editorial galego), A Coruña, 2022.
CINE:
Troya (2004), Wolfgang Petersen
Alejandro (2004), Oliver Stone
300 (2006), Zack Snyder
VIDEOGRAFÍA:
La Atlántida: El misterio de los minoicos. Planeta DeAgostini.
Los grandes monumentos de Grecia. National Geographic.
Secretos de la Arqueología: Los tesoros de Grecia. Canal de Historia.
Grecia. La construcción de un imperio. Canal de Historia.

O departamento conta cun blog, analatin.blogspot.com, con novidades, enlaces, actividades...que servirá de referencia para o alumnado durante todo o curso, xunto co curso da aula virtual que se usará como apoio e como medio para entregar as tarefas.

Por outra parte, o Departamento de Latín e Grego do IES Fernando Blanco conta cun bo número de materiais e recursos didácticos recollidos nun inventario actualizado cada curso dos que se fará uso segundo as necesidades.

Para cuestións de léxico e etimoloxías servirémonos do manual Etimoloxías Griegas del Español, A. Mateos. Ed. Esfinge. Para cuestións de mitoloxía manexaremos como obra de referencia o Diccionario de Mitología Griega y Romana, P. Grimal. Ed. Paidós. Farase uso tamén de vídeos e diapositivas de Grecia que recollan os ámbitos xeográfico, artístico, histórico, etc. Usarase o diccionario en liña <https://www.dicciogriego.es/>

MATERIAIS PARA ATENDER Á DIVERSIDADE:

O Departamento de Latín e Grego do IES Fernando Blanco conta cun caderniño de elaboración propia con actividades de diferentes niveis para atender á diversidade. Este caderniño facilitarase na aula virtual do centro no curso Latín I ao alumnado para realizar actividades de reforzo e de ampliación.

Se fose necesario recorrer a un ensino online con algún alumno ou alumna, farase uso dos servizos de videoconferencia que ofrece a Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

1. Recollida de información

A profesora desexa obter información xeral sobre o alumnado e tamén posibles coñecementos previos da materia que se vai cursar.

a) Recollida de información xeral

Método elixido: observación na aula nas primeiras semanas de clase, análise dos datos dos que dispón a profesora a través do Xade, informes individualizados do curso anterior e información achegada polo Dpto. de Orientación.

Estamos ante un grupo reducido de alumnos e alumnas, circunstancia que favorece o proceso de ensinanza-aprendizaxe, con un clima de traballo bo.

Atopamos alumnado repetidor pero que non cursou a materia Grego I o curso pasado.

Non hai ANEAE ao que lle haxa que aplicar medidas concretas.

b) Recollida de información sobre os coñecementos da materia dos que parte o alumnado

Método elixido: preguntas orais

As preguntas orais tratarán os seguintes aspectos:

- Imaxes de monumentos coñecidos da antigüidade clásica: recoñecemento do monumento, lugar onde se atopa e o seu uso no mundo grecorromano.

- Historia.

- Figuras representativas do mundo grego.

- Mitoloxía.

- Pervivencia do mundo clásico na civilización occidental.

- Análise morfosintáctica.

- Helenismos.

Problemas detectados na análise das preguntas orais:

- o alumnado confunde morfoloxía e sintaxe.

- o alumnado ten problemas na análise morfosintáctica da súa propia lingua.

- o alumnado confunde elementos da civilización grega coa civilización latina.

2. Medidas que se adoptarán

Compartir datos e información entre o equipo docente para adoptar, de forma coordinada, as medidas máis oportunas para cada alumno ou alumna.

Traballar en equipo non só co resto do profesorado, senón tamén co titor e co Dpto. de Orientación.

Realizar un seguimento personalizado do alumnado repetidor.

Traballar a educación emocional para contribuír ao benestar emocional do alumnado.

Para subsanar os problemas detectados na análise das preguntas orais, adóptanse as seguintes medidas:

- facer un repaso das principais categorías gramaticais e das principais funcións sintácticas

- comparar as estruturas da lingua grega coas estruturas das linguas que manexa o alumnado

- comezar o curso con vídeos explicativos da cultura grega e da cultura latina para que poidan diferenciar ben desde o principio as dúas civilizacións

3. Temporalización: primeiras semanas de clase.

4. Avaliación inicial do alumnado que se incorpore ao longo do curso

O procedemento para a avaliación inicial do alumnado que se incorpore ao longo do curso será semellante ao do resto do alumnado con algún lixeiro matiz. Convén revisar as actividades feitas polo alumno ou alumna no centro anterior a través dunha entrevista.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	4	4	7	4	4	7	4	4	7	5
Proba escrita	0	90	90	90	65	90	90	85	90	85
Táboa de indicadores	100	10	10	10	35	10	10	15	10	15

Unidade didáctica	UD 11	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	50	100
Proba escrita	90	85
Táboa de indicadores	10	15

Cráterios de cualificación:

CUALIFICACIÓN DAS AVALIACIÓNS PARCIAIS

A cualificación final de cada unha das avaliacións parciais será a nota obtida en cada unidade didáctica aplicando a media ponderada de todas elas seguindo as seguintes fórmulas:

1ª avaliación parcial

$$((UD\ 1 \times 4) + (UD\ 2 \times 4) + (UD\ 3 \times 7) + (UD\ 4 \times 4) + (UD\ 11 \times 10)) / 29$$

2ª avaliación parcial

$$((UD\ 5 \times 4) + (UD\ 6 \times 7) + (UD\ 7 \times 4) + (UD\ 11 \times 10)) / 25$$

3ª avaliación parcial

$$((UD\ 8 \times 4) + (UD\ 9 \times 7) + (UD\ 10 \times 5) + (UD\ 11 \times 30)) / 46$$

O número polo que se multiplica cada unidade é o seu peso.

Os números 29, 25, 46 que aparecen despois do signo / é a suma dos pesos.

CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA

A cualificación da 1ª avaliación parcial achega o 15 % na cualificación da avaliación final ordinaria.

A cualificación da 2ª avaliación parcial achega o 15 % na cualificación da avaliación final ordinaria.

A cualificación da 3ª avaliación parcial achega o 70 % na cualificación da avaliación final ordinaria.

A avaliación da materia é positiva se, unha vez aplicadas as porcentaxes anteriores, a cualificación é 5. De darse o caso de que un alumno ou alumna teña na 3ª avaliación parcial unha nota superior á que resulta da operación anterior, a nota que primará na cualificación da avaliación final ordinaria será a superior.

Só na avaliación final ordinaria e na avaliación final extraordinaria se redondearán todas as notas cara ao seguinte número enteiro a partir da décima 5.

Exemplo: 6,49 será 6 e 6,50 redondearase a 7.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para avaliar cada as unidades didácticas empregaranse os seguintes instrumentos de avaliación:

1. Probas escritas.

2. Táboas de indicadores:

- rúbricas para a análise dos produtos entregados

- listas de control para a observación directa

Isto non significa que se usen sempre todos en todas as unidades didácticas. No punto 3.3 da presente programación didáctica indícase o instrumento ou instrumentos que se usan para a avaliación de cada unidade didáctica e o peso correspondente a cada un. Cando o instrumento de avaliación é a táboa de indicadores aplicarase o peso indicado independentemente do tipo de táboa de indicadores que se use.

CRITERIOS DE PUNTUACIÓN NAS ACTIVIDADES DE DECLINAR E PUNTUAR

No que respecta ás actividades de declinación de substantivos, adxectivos e pronomes, todos os casos deben estar ben escritos. Aínda así, terase en conta na declinación dun substantivo se todos os casos da columna dun número, singular ou plural, están ben declinados. Ocorre o mesmo na declinación de adxectivos e pronomes: todos os casos

nun número ou nun xénero deben estar ben declinados.

No que respecta ás actividades nas que se pide conxugar tempos verbais todas as persoas do verbo deben estar ben escritas.

CRITERIOS DE PUNTUACIÓN NA ANÁLISE E TRADUCIÓN

A casuística en erros e acertos nas probas escritas é moi variada, especialmente nas probas de análise morfosintáctica e tradución. Tentaremos dar unhas pautas o máis obxectivas posibles para avaliar os erros:

Morfoloxía nominal

- a) Non analiza o caso ou análízo incorrectamente..... -0'2.
- b) Non analiza ben a palabra no que respecta ao número..... -0'2.
- c) Non analiza correctamente as palabras invariables..... -0'2.

Morfoloxía verbal

- a) Analiza de maneira incompleta a forma verbal..... -0'1 por cada dato.
- b) Analiza incorrectamente o tempo verbal -0'2.

Sintaxe

- a) Analiza incorrectamente ou non analiza unha función sintáctica -0'2.
- b) Non analiza os casos porque se limita a indicar só as funcións sintácticas ou viceversa ao longo de toda a actividade de análise e tradución..... -1.
- c) Non analiza ben a función sintáctica das palabras invariables..... -0'2.
- d) Considéranse graves os erros seguintes: CD con verbo copulativo, CD con voz pasiva, CD cando hai un acusativo con preposición, CN cando hai un xenitivo con preposición, CI cando hai un dativo con preposición, atributo se non hai verbo copulativo..... -0'25.

Subordinación

- a) Non sinala o tipo de subordinada ou faino de maneira incorrecta..... -0'2.
- b) Nas oracións subordinadas adxectivas ou de relativo, non analiza correctamente a función ou número do pronome relativo..... -0'2.

Tradución

- a) Erra no significado dalgunha palabra ou non a traduce:
 - Se non afecta significativamente ao sentido da frase..... -0'2.
 - Se afecta significativamente ao sentido da frase -0'5.
- b) Traduce incorrectamente, pese a telo morfoloxicamente ben analizado, o número nalgunha palabra..... -0'125.
- c) Traduce incorrectamente, pese a telo morfoloxicamente ben analizado, o tempo verbal:
 - Se non afecta significativamente ao sentido da frase..... -0'2.
 - Se afecta significativamente ao sentido da frase -0'5.
- d) Traduce incorrectamente, pese a telo morfoloxicamente ben analizado, o número do suxeito ou o verbo da oración..... -0'25.
- e) Non se penaliza se traduce incorrectamente, como consecuencia dunha análise morfolóxica incorrecta, o número dalgunha palabra ou o tempo verbal.
- f) Traduce un CN como un adxectivo -0'2.
- g) A tradución está mal se non segue as regras de concordancia da nosa lingua.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN

A promoción do alumnado atenderá aos criterios que figuran nas concrecións curriculares do centro.

OUTRAS CONSIDERACIÓNS

O alumnado que cometa actos ilícitos no desenvolvemento dunha proba obterá a cualificación de 0 puntos nesa proba. Considérase acto ilícito ter calquera tipo de anotación na que figuren contidos dos que o alumnado se vai avaliar, independentemente de que faga uso dela ou non e de que aparezan ou non na proba. Está prohibido levar ás probas escritas reloxos con conexión a Internet, teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos en xeral; en caso de usalos, ese alumnado será cualificado con 0 puntos nesa proba.

Nas probas escritas o alumnado empregará bolígrafo azul ou negro, nunca lapis. Non se pode usar tampouco títex.

Cando a profesora temporalice unha entrega de tarefas, o alumnado debe facer a entrega na data fixada, pois non se recollerá posteriormente. No caso de que non se poida facer por motivos de saúde, porase en contacto coa profesora o antes posible para fixar unha nova data, sempre que a súa ausencia sexa xustificada e lle achege ao seu titor ou titora o documento que así o acredite no prazo indicado nas NOFCO do centro.

Cando un alumno ou alumna non asista á clase na data fixada para realizar unha proba escrita, porase en contacto coa profesora o antes posible para fixar unha nova data, sempre que a súa ausencia sexa xustificada e lle achege ao seu titor ou titora o documento que así o acredite no prazo indicado nas NOFCO do centro. Considéranse faltas xustificables á hora de tomar a decisión de repetir unha proba aquelas faltas de asistencia que son recoñecidas como faltas xustificables nas Normas de Organización e Funcionamento do Centro. No caso contrario non se lle repetirá a proba e a puntuación será 0 nesa proba.

Criterios de recuperación:

O alumnado que acade unha nota inferior a 5 nunha avaliación parcial terá a posibilidade de recuperar esta nunha proba escrita dos contidos das unidades didácticas que forman parte da correspondente avaliación.

Esta proba escrita farase ao comezo da seguinte avaliación parcial, agás na 3ª avaliación parcial que terá que facerse antes da avaliación final ordinaria.

A nota de recuperación de cada unha das tres avaliacións ordinarias constrúese soamente co instrumento de recuperación anteriormente citado. Non se manteñen notas aprobadas de produtos entregados, probas, etc. Porén, se a nota da recuperación é inferior á da avaliación, mantense a nota da avaliación para construír a nota da avaliación final ordinaria.

Recupera a avaliación parcial o alumnado que acade na proba escrita unha cualificación non inferior a 5 pois só se recorre ao redondeo na avaliación final ordinaria e na avaliación final extraordinaria.

O alumnado que acade unha nota inferior a 5 na avaliación final ordinaria terá a posibilidade de recuperar a materia na avaliación final extraordinaria na data fixada polo centro a través dunha proba escrita. O alumnado superará a materia se acada unha cualificación non inferior a 5 tras aplicar redondeo. Redondearán todas as notas cara ao seguinte número enteiro a partir da décima 5.

Exemplo: 6,49 será 6 e 6,50 redondearase a 7.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

A avaliación da materia pendente Grego I farase atendendo ao Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

O alumnado coa materia de Grego I pendente terá a oportunidade de superar a materia de diversas maneiras:

1. Realizando dúas probas escritas de carácter parcial e entregando os produtos solicitados pola profesora.

Se se supera a materia nas probas escritas de carácter parcial, o alumnado non terá que realizar ningunha proba final.

80% proba escrita = 30% a primeira proba parcial e 50% a segunda proba parcial

20% entrega de produtos que serán avaliados cunha táboa de indicadores. Farase a media aritmética da cualificación obtida en cada produto entregado.

Terá cualificación positiva e superará a materia o alumnado cunha nota non inferior a cinco tras aplicar o redondeo - / + 0.5 segundo a cualificación.

Exemplo: se unha alumna ou alumno ten un 4.4 na cualificación final, como é inferior a 4.5, a súa cualificación na avaliación será 4. Polo contrario, se unha alumna ou alumno ten un 4.5 ou máis, como é unha cualificación igual ou superior a 4.5, a súa nota será 5.

Este redondeo aplicarase en todas as cualificacións.

Exemplo: se unha alumna ou alumno ten un 7.4 na cualificación final, como é inferior a 7.5, a súa cualificación na avaliación será 7. Polo contrario, se unha alumna ou alumno ten un 7.5 ou máis, como é unha cualificación igual ou superior a 7.5, a súa nota será 8.

Temporalización:

- as probas escritas de carácter parcial terán lugar na data fixada por Xefatura de Estudos, pois, tal como se acordou, elaborárase un calendario para a realización das probas de materias pendentes.

- os produtos solicitados pola profesora serán entregados na data concreta que ela indique. Polo xeral, entregaranse cada 15 días pero será fixada unha data concreta coa suficiente antelación para que o alumnado dispoña de tempo.

2. Se non se supera a materia seguindo o procedemento explicado no punto anterior, o alumnado poderá recuperar a materia realizando unha proba final escrita. Terá cualificación positiva e superará a materia o alumnado cunha nota non inferior a cinco tras aplicar o redondeo explicado no punto anterior.

Esta proba terá lugar na data fixada por Xefatura de Estudos, pois, tal como se acordou, elaborárase un calendario para a realización das probas de materias pendentes.

3. O alumnado que obteña unha cualificación non inferior a cinco na 2ª avaliación da materia Grego II, ten superada a materia Grego I e non terá que facer máis probas nin entregas de produtos.

4. O alumnado pode recuperar a materia Grego I na avaliación extraordinaria cunha proba escrita. Terá cualificación positiva e superará a materia o alumnado cunha nota non inferior a cinco tras aplicar o redondeo explicado anteriormente e que se aplica tamén na proba final.

Esta proba escrita realizarase no mes de xuño nas datas que se fixen desde Xefatura de Estudos para as probas das materias pendentes.

Na avaliación final ordinaria o alumnado que teña pendente de ser aprobada a materia Grego I, dado que se trata de materias de continuidade, non poderá ser avaliado de Grego II, polo que nesta materia consignarase co termo

“pendente” (P).

Contidos

- O alfabeto grego.
- O grego, lingua flexiva. Tipos de palabras.
- Concepto de declinación e conxugación.
- Palabras invariables.
- Flexión nominal e pronominal.
- Flexión verbal.
- Sintaxe oracional: función básicas e sintaxe elemental dos casos.
- Concordancia e orde das palabras na oración.
- CC de lugar.
- Oración simple.
- Oracións coordinadas.
- Oracións de relativo.
- Análise morfosintáctica.
- Tradución.
- Léxico específico básico: léxico transparente; palabras de maior frecuencia.
- Etimoloxía.
- Marco xeográfico e histórico de Grecia: situación xeográfica de Grecia, localización de fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes, a civilizacións minoica e micénica, etapas da historia de Grecia.
- Política e sociedade.
- Familia, muller e escravitude.
- Mitoloxía: estudo da orixe do mundo, dos deuses e do home, os deuses olímpicos, principais mitos relacionados coas divindades e heroes.

Criterios de avaliación e mínimos esixibles para a superación da materia

Para superar a materia, o alumnado deberá ter avaliación positiva nos criterios de avaliación que se indican neste punto e que pertencen aos seguintes bloques:

- bloque 1: Comprensión e interpretación dos textos
- bloque 2: Grego e plurilingüismo
- bloque 3: A Antiga Grecia

CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.

Mínimo de consecución

Realizar traducións de oracións latinas tras a correspondente análise morfolóxica e identificar e analizar unidades lingüísticas regulares da lingua.

CA1.2 - Seleccionar de maneira progresivamente autónoma o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes cando se considere necesario.

Mínimo de consecución

Seleccionar de maneira progresivamente autónoma o significado apropiado de palabras polisémicas.

CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos gregos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua grega, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do grego.

Mínimo de consecución

Realizar a lectura directa de oracións ou textos gregos sinxelos.

CA2.1 - Deducir o significado etimolóxico dun termo de uso común e inferir o significado de termos de nova aparición ou procedentes de léxico especializado aplicando, de maneira guiada, estratexias de recoñecemento de étimos e formantes gregos atendendo aos cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos que tivesen lugar.

Mínimo de consecución

Deducir o significado etimolóxico de vocabulario de nova aparición ou procedentes de léxico especializado aplicando raíces e formantes gregos coñecidos.

CA3.1 - Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade helena, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida.

Mínimo de consecución

Coñecer, explicar e relacionar os modos de vida e os costumes da sociedade helena, comparándoos cos das

sociedades actuais.

CA4.4 - Identificar e explicar o legado material e inmaterial da civilización grega como fonte de inspiración, analizando producións culturais e artísticas posteriores a partir de criterios dados.

Mínimo de consecución

Analizar obras de arte dadas e identificar e explicar o legado da civilización grega como fonte de inspiración.

CA4.5 - Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de preservación e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sostibilidade.

Mínimo de consecución

Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega.

Seguimento do alumnado

O Departamento de Latín e Grego prestará orientación e axuda ao alumnado coa materia Grego I pendente a través dun control quincenal do traballo a través da aula virtual onde o alumnado exporá as súas dúbidas usando o foro.

A través da aula virtual ou de modo presencial o alumnado entregará os produtos solicitados na data fixada.

Actividades de avaliación

Actividades da primeira proba escrita parcial:

- escritura e lectura dos caracteres que forman o alfabeto grego (2 ptos.)
- análise e tradución de oracións simples (3 ptos.)
- analizar formas verbais do modo indicativo en voz activa (1 pto.)
- análise morfolóxica de formas do artigo, demostrativos, substantivos e adxectivos da 1ª e 2ª declinación (2 ptos.)
- vocabulario básico ou etimoloxía (1 pto.)
- cuestións relativas á civilización grega, en concreto xeografía, historia e institucións políticas. (1 pto.)

Actividades da segunda proba escrita parcial:

- análise e tradución de oracións simples, coordinadas e oración de relativo (3 ptos.)
- analizar formas verbais do modo indicativo en voz media e pasiva (1 pto.)
- análise morfolóxica de substantivos do tema en consoante da 3ª declinación (1,5 ptos.)
- análise morfolóxica de pronomes persoais e do pronome relativo (1,5 ptos.)
- vocabulario básico (1 pto.)
- etimoloxía (1 pto.)
- cuestións relativas á civilización grega, en concreto familia, muller e escravitude e mitoloxía. (1 pto.)

Actividades da proba escrita final e da proba extraordinaria:

- análise e tradución de oracións simples, coordinadas e oración de relativo (3 ptos.)
- analizar formas verbais do modo indicativo en voz activa e media (1 pto.)
- análise morfolóxica de substantivos e adxectivos da 1ª e 2ª declinación (1 pto.)
- análise morfolóxica de substantivos do tema en consoante da 3ª declinación: tema en oclusiva e -nt (1 pto.)
- análise de pronomes persoais e demostrativos (1 pto.)
- vocabulario básico (1 pto.)
- etimoloxía (1 pto.)
- cuestións relativas a mitoloxía (1 pto.)

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Segundo o indicado no anexo III do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, as materias Grego I e Grego II son materias de continuidade.

O Dpto. de Latín e Grego verificará que o alumnado que non cursou a materia Grego I e quere cursar a materia Grego II reúne as condicións necesarias para seguir con aproveitamento a materia de segundo curso a través dunha proba escrita que se realizará antes do inicio das sesións lectivas do presente curso académico tal como se indica na ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa. Decídese pois sinalar como data para a realización desta proba o día 5 de setembro.

Terá cualificación positiva e, polo tanto, acreditarase que reúne as condicións necesarias para seguir con aproveitamento a materia Grego II o alumnado cunha nota non inferior a cinco tras aplicar o redondeo - / + 0.5 segundo a cualificación.

Exemplo: se unha alumna ou alumno ten un 4.4 na cualificación final, como é inferior a 4.5, a súa cualificación na avaliación será 4. Polo contrario, se unha alumna ou alumno ten un 4.5 ou máis, como é unha cualificación igual ou superior a 4.5, a súa nota será 5.

Actividades da proba escrita

- análise e tradución de oracións simples, coordinadas e subordinadas de relativo (5 ptos.)
- analizar formas verbais do modo indicativo en voz activa, media e pasiva (1 pto.)
- análise morfolóxica de substantivos e adxectivos (2 ptos.)
- análise morfolóxica de formas pronominais (1 pto.)
- etimoloxía (1 pto.)

Contidos

- O alfabeto
- Concepto de lingua flexiva
- Palabras invariables
- Flexión nominal e pronominal
- Flexión verbal
- Sintaxe oracional: funcións básicas e sintaxe elemental dos casos
- Concordancia e orde das palabras na oración
- CC de lugar
- Oración simple
- Oracións coordinadas
- Oracións de relativo
- Análise morfosintáctica
- Tradución
- Léxico específico básico: léxico transparente; palabras de maior frecuencia
- Etimoloxía

Criterios de avaliación e mínimos esixibles para a acreditación de coñecementos necesarios

Para superar a materia, o alumnado deberá ter avaliación positiva nos criterios de avaliación que se indican neste punto e que pertencen aos seguintes bloques:

- bloque 1: Comprensión e interpretación dos textos
- bloque 2: Grego e plurilingüismo

Con avaliación positiva nestes criterios de avaliación o alumnado estaría en condición de afrontar os textos do nivel Grego II nas mesmas condicións que o alumnado que cursa a materia sen tela pendente.

CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.

Mínimo de consecución

Realizar traducións de oracións latinas tras a correspondente análise morfolóxica e identificar e analizar unidades lingüísticas regulares da lingua.

CA1.2 - Seleccionar de maneira progresivamente autónoma o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes cando se considere necesario.

Mínimo de consecución

Seleccionar de maneira progresivamente autónoma o significado apropiado de palabras polisémicas.

CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos gregos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua grega, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do grego.

Mínimo de consecución

Realizar a lectura directa de oracións ou textos gregos sinxelos.

CA2.1 - Deducir o significado etimolóxico dun termo de uso común e inferir o significado de termos de nova aparición ou procedentes de léxico especializado aplicando, de maneira guiada, estratexias de recoñecemento de étimos e formantes gregos atendendo aos cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos que tivesen lugar.

Mínimo de consecución

Deducir o significado etimolóxico de vocabulario de nova aparición ou procedentes de léxico especializado aplicando raíces e formantes gregos coñecidos.

6. Medidas de atención á diversidade

Para a atención á diversidade do alumnado de bacharelato haberá que aterse ao disposto no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, así como na normativa que o desenvolve.

Na etapa de bacharelato prestarase especial atención aos alumnos e ás alumnas con necesidade específica de apoio educativo. A escolarización e a atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo rexeranse polos principios de normalización e inclusión, e asegurarán a súa non discriminación e a igualdade efectiva durante a súa permanencia no sistema educativo. Así mesmo, fomentárase a equidade e inclusión educativa, a igualdade de oportunidades e a non discriminación do alumnado.

Responderase ás necesidades educativas concretas do alumnado, tendo en conta as súas circunstancias e os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe e prestarase especial atención ao seu benestar emocional e ao das súas familias.

A atención á diversidade constitúe un pilar fundamental na educación do alumnado que require unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

Na clase de Grego de 1º de bacharelato empregáranse estratexias de reforzo positivo e buscarase o benestar do alumnado na aula e no centro. Potenciarase no grupo a realización de actividades relacionadas coa educación emocional. Manterase unha estreita colaboración co resto do equipo docente, co titor e co Dpto. de Orientación.

Contamos na clase con alumnado que repite curso pero que non cursou a materia Grego I o curso pasado. Polo tanto, este alumnado seguirá a programación establecida polo departamento para a materia Grego I. Farase un seguimento específico do proceso de enseñanza-aprendizaxe deste alumnado ao longo dos distintos trimestres e analizaranse os seus resultados por se hai que introducir melloras. Manterase unha estreita colaboración co resto do equipo docente e co Dpto. de Orientación. Empregarase estratexias de reforzo positivo. Verificarase que este alumnado comprende e exposto pola profesora. Aplicarase medidas de reforzo nas dificultades detectadas que afecten á expresión e comprensión tanto oral como escrita e ó razoamento.

Á parte disto non se establecerán medidas de atención ordinarias nin extraordinarias nin se fará uso de ningún protocolo destinado á atención á diversidade a non ser que ao longo do curso fose necesario para alumnado de nova incorporación ao centro ou, se por algún motivo fose necesario co alumnado que cursa actualmente esta materia.

Exemplos:

Se se incorporase algún alumno ou alumna con altas capacidades intelectuais marcaráselle obxectivos individuais máis amplos que ao resto do alumnado do grupo, a través de actividades de ampliación, máis complexas, que lle obrigue a realizar o esforzo necesario que lle permita valorar a consecución de resultados. Aplicarase a orientación na aula que se recollen no "Protocolo para a atención educativa do alumnado con altas capacidades intelectuais" elaborado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Nos casos de alumnos e alumnas que poidan incorporarse ao longo do curso cunha discapacidade física hai que buscar mecanismos de actuación para cada caso en concreto.

No resto dos casos farase uso tamén, se fose necesario, dos distintos protocolos cos que conta a Consellería de Cultura, Educación e Universidade: Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas da aprendizaxe, Protocolo de tratamento educativo do alumnado con trastorno do espectro do autismo (TEA), Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero, etc.

Porén, no momento actual, tendo en conta o número de alumnos e alumnas e o nivel, non cremos necesaria a adopción de ningunha medida previa co resto do alumnado, dadas as características académicas concretas do noso alumnado este curso. De tódolos xeitos, se, ao longo do curso, detectásemos calquera tipo de carencias, tentariamos poñer os medios para resolvelas: cambio de ritmo na clase, material distinto, reforzos en determinados temas, etc. O departamento conta cos materiais necesarios.

Para garantir distintos ritmos de aprendizaxe, pois cada alumno ten o seu ritmo e a súa forma de aprender, ofrécense actividades de reforzo e de consolidación relativas aos contidos claves da unidade pero tamén traballo de afondamento para o alumnado que teña interese de ir máis alá dos contidos curriculares.

Intentarase favorecer a integración na aula, de darse o caso, do alumnado con necesidade específica de apoio educativo facéndolle desenvolver un papel recoñecido polo grupo para mellorar a súa autoestima.

Se é necesario, traballarase con distintos ritmos de aprendizaxe. Un dato positivo neste caso é o baixo número de alumnos e alumnas co que contamos na aula, feito que favorece o traballo en distintos niveis.

A proposta do Departamento de Latín e Grego é a seguinte:

- Contidos para unha aprendizaxe básica común, pero de maior complexidade para algúns.

- Actividades, para diferentes niveis, e oferta de distintos tempos na súa realización, así como actividades de reforzo e de ampliación.

- Ter en conta as preferencias do alumnado para atender os seus intereses.

- Agrupamentos que posibiliten o traballo en equipo.

Se houberse alumnado que requirise atención virtual ao non acudir ao centro por causas xustificadas, prestaríase atención seguindo as directrices recollidas nas concrecións curriculares do centro. A atención dada nas materias do Dpto. de Latín e Grego sempre sería a través das ferramentas colaborativas que ofrece a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, como, por exemplo, a aula virtual.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora: ademais da lectura de textos que se realizará en todas as unidades faranse lecturas dramatizadas dos tráxicos gregos.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita: entrega de producións orais e escritas e textos que reescriben a historia e a mitoloxía.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital e comunicación audiovisual: uso crítico da rede para buscar información, propiciando o coñecemento de webs relacionadas coa materia. Uso de ferramentas informáticas e audiovisuais para elaborar traballos individuais e documentos de aula. Uso do blog creado para a materia.	X				X			X
ET.4 - Emprendemento social e empresarial: traballo cooperativo e colaboración coa entidade ASPADEX.					X			
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico: fomento da obxectividade, imparcialidade, curiosidade, pensamento inquisitivo e racional, respecto á evidencia, tolerancia á incerteza e consideración á posibilidade de cambiar de opinión. A lectura de fragmentos de Tucídides onde avisa do perigo das falsas noticias, "fake news", servirá de base para a práctica do fomento crítico nas redes sociais.	X				X			X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.6 - Educación emocional e en valores: este elemento transversal será a temática do VI Certame ROSA, ROSAE, onde se traballa tamén a expresión oral e escrita.								X
ET.7 - Igualdade de xénero: ademais de traballar este tema nos contidos de sociedade e vida cotiá, farase unha análise detallada do papel da muller en Grecia, atendendo ás diferenzas entre a muller ateninese e a muller espartana.					X			
ET.8 - Creatividade: traballo consistente en estudar e alterar as emocións na expresión facial da arte clásica a través de programas informáticos. Con este traballo tamén estaríamos tratando a competencia dixital durante a elaboración e a comunicación audiovisual no produto final.								X
ET.9 - Resolución de conflitos: traballarase nos contidos de historia e sociedade e vida cotiá. Actividades para celebrar o Día escolar da non Violencia e da Paz relacionadas coa obra "Lisístrata" de Aristófanes. Con estas actividades tamén estaríamos tratando a igualdade de xénero.	X							

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.1 - Comprensión lectora: ademais da lectura de textos que se realizará en todas as unidades faranse lecturas dramatizadas dos trágicos gregos.	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita: entrega de producións orais e escritas e textos que reescriben a historia e a mitoloxía.	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.3 - Competencia dixital e comunicación audiovisual: uso crítico da rede para buscar información, propiciando o coñecemento de webs relacionadas coa materia. Uso de ferramentas informáticas e audiovisuais para elaborar traballos individuais e documentos de aula. Uso do blog creado para a materia.			
ET.4 - Emprendemento social e empresarial: traballo cooperativo e colaboración coa entidade ASPADEX.			
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico: fomento da obxectividade, imparcialidade, curiosidade, pensamento inquisitivo e racional, respecto á evidencia, tolerancia á incerteza e consideración á posibilidade de cambiar de opinión. A lectura de fragmentos de Tucídides onde avisa do perigo das falsas noticias, "fake news", servirá de base para a práctica do fomento crítico nas redes sociais.			
ET.6 - Educación emocional e en valores: este elemento transversal será a temática do VI Certame ROSA, ROSAE, onde se traballa tamén a expresión oral e escrita.			
ET.7 - Igualdade de xénero: ademais de traballar este tema nos contidos de sociedade e vida cotiá, farase unha análise detallada do papel da muller en Grecia, atendendo ás diferenzas entre a muller ateniense e a muller espartana.			

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.8 - Creatividade: traballo consistente en estudar e alterar as emocións na expresión facial da arte clásica a través de programas informáticos. Con este traballo tamén estaríamos tratando a competencia dixital durante a elaboración e a comunicación audiovisual no produto final.			
ET.9 - Resolución de conflitos: traballárase nos contidos de historia e sociedade e vida cotiá. Actividades para celebrar o Día escolar da non Violencia e da Paz relacionadas coa obra "Lisístrata" de Aristófanes. Con estas actividades tamén estaríamos tratando a igualdade de xénero.			

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación no concurso Odisea.	O alumnado contestará na rede durante catro días consecutivos preguntas sobre un tema, aínda sen determinar, relativo á cultura e civilización grecolatina.		X	
Escenificación de fragmentos de Edipo Rei.	O alumnado representará pequenos fragmentos relevantes da obra Edipo Rei de Sófocles caracterizados con túnicas sinxelas e con caretas como actuaban os actores gregos.	X		

Observacións:

- Espazo requirido para a actividade complementaria 1: aula de informática.
- Recursos necesarios para a actividade complementaria 1: ordenadores.
- Espazo requirido para a actividade complementaria 2: salón de actos.
- Recursos necesarios para a actividade complementaria 2: vestiario e caretas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O traballo na aula (contidos, metodoloxía, temporalización) correspóndese co previsto na programación.

Metodoloxía empregada
As estratexias metodolóxicas utilizadas son as adecuadas.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os tipos de agrupamento establecidos na programación didáctica, a organización dos espazos e uso de materiais e recursos son os axeitados para o desenvolvemento da programación.
Medidas de atención á diversidade
Detéctase con celeridade calquera problema que afecta ao alumnado, con especial atención ao ACNEAE, identifícase a súa casuística particular e póñense en marcha as medidas precisas en colaboración co Departamento de Orientación.
Clima de traballo na aula
Na aula hai un clima de traballo bo e o grao de satisfacción do alumnado coa materia e máis coa persoa docente é alto e responde ao planificado na programación.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Trabállase en constante coordinación co resto do equipo docente, co Dpto. de Orientación e estase periodicamente en contacto coas familias ou titores legais.

Descrición:

Obxectivos:

Axustar a práctica docente ás peculiaridades do grupo e a cada alumno e alumna.

Comparar a planificación curricular co desenvolvemento da mesma.

Detectar as dificultades e os problemas na práctica docente.

Favorecer a reflexión individual e colectiva.

Temporalización:

Realízase ao final de cada trimestre unha avaliación xeral. Recolleranse os resultados na acta do departamento do mes correspondente, xunto coas propostas de mellora, e tamén na memoria final do curso. A avaliación das unidades didácticas realízase ó rematar cada unha delas.

Instrumentos:

Para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente empregárase unha escala de 1 a 5 seguindo o modelo establecido na táboa da que dispón o departamento, na cal se recollen os indicadores de logro indicados anteriormente, agás para a análise do clima de traballo que se empregará unha enquisa de satisfacción anónima.

Para a avaliación das unidades didácticas empregáranse os instrumentos dos que dispón o departamento: táboa do profesor, sesión de diálogo na clase, enquisas de satisfacción ao alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Obxectivos:

- Realizar os axustes oportunos na programación didáctica.

- Facer propostas de mellora.

- Orientar a elaboración da programación didáctica do curso seguinte.

O Dpto. de Latín e Grego conta cunha táboa de indicadores para facer o seguimento e avaliación da programación didáctica.

Mensualmente farase un seguimento da programación da materia e realízase a avaliación da mesma para ver se é necesario realizar algunha modificación.

Se, ao longo de todo este proceso de análise se detectaran disfuncións graves entre a marcha das clases e o escrito na programación didáctica do curso, tentaríanse poñer os medios para solucionarlas.

Ao rematar cada unidade didáctica e ao final do curso indícanse as propostas de mellora. Se hai propostas de mellora susceptibles de ser introducidas no curso actual, procederase á súa incorporación. De non ser o caso, quedarán recollidas nas actas do departamento e na memoria para introducilas o curso seguinte.

9. Outros apartados

1. Actividades extraescolares

1. VI Certame ROSA, ROSAE do Dpto. de Latín e Grego do IES Fernando Blanco.

2. Viaxe á Coruña para visitar a Torre de Hércules e o Museo de Belas Artes.

3. Xornadas de Teatro Grecolatino.

Estas xornadas celébranse na Coruña, Lugo e Ourense. A asistencia a un lugar ou outro dependerá de onde atopemos as entradas.

4. Viaxe a Madrid, que conta con numerosos lugares onde se plasma a mitoloxía clásica e con museos que albergan importantes obras con temática grecorromana.

5. Viaxe por cidades e pobos de España e/ou Portugal para coñecer as pegadas do mundo clásico.